

CIRCULAR INICIO DE CURSO 2024-25

Damos a benvinda ao centro ás familias de nova incorporación e saudamos as que continúan un curso máis. Para acadar un funcionamento adecuado e operatividade nos accesos ao edificio e na xestión do tempo (do alumnado, persoal docente e non docente) cómpre que toda a comunidade educativa se esforce en cumprir os horarios establecidos. **PREGAMOS PUNTUALIDADE**, especialmente no acceso ao centro.

ACCESO AO CENTRO

- O alumnado de educación infantil accederá ao centro pola porta do edificio que dá cara ao patio. As familias poderán acompañar os seus fillos e fillas durante 15 minutos de acollemento na aula se así o consideran oportuno, cando accedan ao edificio deben ter o coidado de pechar a porta pola seguridade do alumnado.
- O alumnado de educación primaria accederá pola porta principal **SEN ACOMPAÑAMENTO** de adultos.
- Aquelas familias que teñan un fillo/a en primaria e outro/a en infantil deben deixar primeiro o alumno/a de primaria na porta de acceso e acompañar despois o alumno/a de educación infantil para acceder pola porta correspondente. **NON SE ACCEDERÁ** pola porta principal para acompañar o alumnado de educación infantil a través da porta interior.
- Se un alumno ou alumna vai acceder ao centro despois da hora normativa, debe facelo nos horarios de cambio de sesión. Ás 9:20 pecharase a porta principal.

Horario de sesións:

SESIÓN	HORA
1ª	9 - 10
2ª	10 - 10:55
3ª	10:55 - 11:50
RECREO	11:50 - 12:20
4ª	12:20 - 13:10
5ª	13:10 - 14

SAÍDA

- O alumnado de educación infantil usuario de comedor e transporte será acompañado a onde proceda.
- O alumnado de educación infantil recollido polas familias ou persoas autorizadas será entregado na porta correspondente por parte do profesorado.
- O alumnado de educación primaria usuario de comedor e transporte irá a onde proceda.
- O alumnado de educación primaria autorizado a ir só á casa (5º e 6º EP) sairá pola porta do salón de actos.
- O alumnado de educación primaria recollido polas familias ou persoas autorizadas será entregado na porta do salón de actos polo profesorado.

COMUNICACIÓNS

- Pregamos que comuniquen coa antelación suficiente calquera cambio relativo á recollida: o alumno ou alumna vai ou non no autobús, queda ou non a comer (app Colechef), etc.
- A canle preferente de comunicación entre o centro e as familias é a app **ABALARMÓBIL**. É conveniente que teñan a aplicación actualizada e estean pendentes.

O equipo directivo